

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Orixe do Canón do Sil

Sabemos por fontes de fiar que esta lenda non é tradicional pero pode chegar a selo se ten fortuna.

Segundo opinións non contrastadas o deus Xúpiter achegouse a Galicia nunha viaxe de lóstrego, gustoulle o país e como proba da emoción que sentiu por esta terra púxolle unha marca que a fendeu diagonalmente; así naceu, seica, o río Miño.

Xuno, a esposa de Xúpiter, anoxouse tanto por esta apaixonamento que para vingarse atacou a Galicia e nun primeiro arrebatu conseguiu facerlle unha fenda que hoxe coñecemos coma o Canón do Sil.

O deus Xúpiter tomou a mal esta afrenta da súa muller e castigouna a vivir no canón ata que se arrepentise.

Cando Xuno pediu perdón, o deus consentiu en que se convertise en río, O Sil, e mesmo que chegase a xuntarse con el, o río Miño, nos Peares.

Será lenda ou fantasía pero é bonito imaxinar que dous ríos, macho e femia, home e muller, deus e deusa, se transformen en amantes reconciliados.

BIBLIOGRAFÍA

VV.AA., Sober. Lugo, Servicio de publicacións da Deputación provincial de Lugo, 1998.